

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de febreiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes urbanísticas: para rehabilitación das cubertas do pazo dos deportes lote I: cuberta inclinada e lote II: cubertas planas, na avenida Filarmónica Lucense (exp. 2025/Y001/000010). e para construción de edificio na rúa rof codina, números 6 e 8, e rúa Montirón, números 87 e 89 (exp. 2022/Y001/000196).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a segunda prórroga na contratación da prestación do servizo de centro de día “Novo Antonio Gandy” de atención a persoas maiores, exp. ref. 2021/c003/000037..

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación dun plan de control de pombas na cidade de Lugo, exp. ref. 2024-C003/000023.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas na contratación de patrocinios publicitarios para as festas de Arde Lucus 2025 e a adxudicación por procedemento aberto, exp. ref. 2025-C005-000001.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac8416563039940962980.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-2-2025

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de produtos de limpeza e hixiénico-sanitarios para os servizos da área de participación e servizos para a veciñanza: recinto cemiterio San Froilán e prazas e mercados. simplificado abreviado e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000003.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para as obras de reparación de humidades na cabeceira da Catedral.

4. PERSOAL.- Acórdase a rectificación do acordo 6/499. bases específicas para o acceso en propiedade de 12 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (2 prazas pertencentes á oep 2021, 4 prazas pertencentes á oep 2022, 4 prazas pertencentes á oep 2023 e 2 prazas pertencentes á OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de novembro de 2024.

Acórdase o nomeamento dunha funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de técnico/a de turismo (grupo de titulación: grupo a (subgrupo a1); escala: administración especial; subescala: técnica).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de inspector principal da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (1 pertencente á oep de 2022 e 1 pertencente á oep de 2023).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de técnico/a especialista tic pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación do proxecto de ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal do Concello de Lugo.

Fóra da orde do día

- Acórdase a modificación do texto do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil , O.A., e o Concello de Lugo para o outorgamento de concesión administrativa sobre o edificio da Central Hidroeléctrica Fábrica da Luz.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.